



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO (IGVS) E ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. PARA DESENVOLVER A RECAUDACIÓN DO PROGRAMA DE FACTURACIÓN DAS VIVENDAS E LOCAIS COMERCIAIS DE PROMOCIÓN PÚBLICA DO IGVS E DEVOLUCIÓNS DERIVADAS DO DEPÓSITO E CANCELACIÓN DE FIANZAS NO IGVS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaria Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante IGVS),

DECLARA:

Que este IGVS formalizou o 9 de xuño de 2017 coa entidade ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a súa sinatura ata o 9 de xuño de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A prestación por parte da entidade financeira ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. dos servizos financeiros consistentes en xestionar a recadación e/ou devolución por parte dos obrigados ao aboamento dos:

- Recibos das vivendas de promoción pública adxudicadas nos diferentes réximes.
- Recibos dos locais comerciais.
- Ingresos dos depósitos e devolucións das cancelacións das fianzas depositadas pola obriga legal do arrendamento.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

O IGVS conta nunha parte dos seus ingresos coa recadación dos alugueres das vivendas de promoción pública e dos locais comerciais, polo que se precisa a colaboración dunha entidade financeira que permita a recadación ordenada e eficaz da facturación das vivenda e locais que posibilite aos adxudicatarios das vivendas e locais un pago áxil, cómodo e próximo a través das diferentes oficinas da rede da entidade. O mesmo sistema se pretende para o depósito e cancelación das fianzas.





O IGVS dispón duns servizos web e unha arquitectura que permite garantir: a ampliación dos niveis de seguridade e salvagarda de datos; a independencia entre os procesos de facturación e o resto de os sistemas informáticos actualmente en uso no IGVS; o funcionamento ininterrumpido do sistema; o tratamento masivo de datos; a consistencia entre as anotacións de recibos cobrados e os movementos das contas de recadación; a consistencia entre as anotacións de depósitos e cancelacións e os movementos da conta de fianzas.

A entidade financeira ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. ten desenvolvido un módulo informático que permite, en colaboración co IGVS, establecer consultas en tempo real, imprimir e entregar os xustificantes de pagos efectuados polos adquirentes das vivendas de promoción pública adxudicadas en réxime de aluguer, acceso diferido ou de compravenda e dos locais comerciais. Un sistema similar existe para os depósitos e cancelacións das fianzas.

Aínda que este convenio inicial se asina coa entidade ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. por ser a entidade con maior implantación de oficinas en todo o territorio galego, existindo, polo menos, unha oficina bancaria nos concellos nos que o IGVS ten vivendas de promoción pública, non ten un carácter exclusivo polo que se poderá adherir calquera entidade de crédito que cumpra cos criterios marcados polo IGVS para dar un sistema de cobro dos recibos das vivendas, e dos depósitos de fianzas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional referido, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria.

